

O persistente asalto ás pensións públicas

[Mikel de la Fuente](#) | [Xabier Pérez Davila](#)

20/06/2026 | [Estado español](#), [Pensións](#)



Os sistemas públicos de pensións deixan unha parte moi importante do produto social fóra do alcance das finanzas. A Comisión Europea (CE) dirixe un asalto continuado para entregar as cotizacións sociais aos bancos, compañías de seguros e fondos de investimento. Para conseguilo é imprescindible reducir antes as prestacións públicas. A finais de maio [un novo informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal \(AIReF\)](#) súmase á ofensiva. Neste artigo analizamos o informe e o enmarcamos na ofensiva do capital para aumentar o nivel de financiarización da economía europea e alimentar o rearme.

Nas próximas décadas prevese que, ao aumentar a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre a poboación total, incrementarase tamén o gasto en pensións como porcentaxe do PIB. O goberno aprobou sucesivas medidas que potenciarán os ingresos do Sistema de Seguridade Social (SSS): incremento da base máxima de cotización (1), creación do Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI) (2), introdución dunha cotización adicional de solidariedade (3), aumento do salario mínimo interprofesional (4), obriga das persoas autónomas de cotizaren polos seus ingresos reais (5), reforma laboral de 2021 (6), transferencias desde os Orzamentos Xerais do Estado (7) e regularización das persoas inmigrantes (8).

O Rd-Lei 2/2023 aprobou fixar un límite ao gasto en pensións no período 2022-2050. A media de gasto en pensións non podería superar o 13,3 % do PIB máis o incremento esperado nos ingresos derivados desas 8 medidas. Por exemplo, se a recadación media derivada de todas esas medidas fose do 1,7 %, o gasto medio en pensións podería chegar ao 15 % do PIB ($13,3 + 1,7 = 15$); mais non debería superar o 15 %. A esta fórmula chamóuselle *regra do gasto* e acordouse que o seu cumprimento se avaliase cada 3 anos.

[A primeira avaliación realizouse en marzo de 2025](#). A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), encargada da avaliación, publicou dúas conclusións:

1. De acordo cos criterios establecidos en 2023, a regra de gasto cumpríase, non era necesario aprobar medidas adicionais nin sobre ingresos, para aumentalos; nin sobre os gastos, para reducir as pensións.

2. A AIReF mostrou o seu desacordo coa redacción da regra de gasto e propuxo modificala para que a avaliación da situación financeira da Seguridade Social se adaptase aos marcos fiscais español e europeo. Os marcos fiscais establecen ríxidos límites á evolución do déficit e a débeda pública. A adaptación proposta pola AIReF obrigaría a considerar o gasto en pensións excesivo e a cualificalo como a principal causa do déficit e do ascenso da débeda pública.

A seguinte avaliación do SSS debería realizarse en marzo de 2028. Mais, en xullo de 2025, o goberno aprobou un Real decreto que estableceu a obriga de realizar unha nova valoración da regra de gasto en xuño de 2026 por dous razóns:

1. en 2024 revisárase á alza o crecemento do PIB nos anos anteriores,
2. era necesario ter en conta as consecuencias sobre os ingresos do SSS das reformas económicas aprobadas. O 29 de maio pasado a AIReF fixo pública a nova valoración.

A valoración da AIReF: lexislar para recortar

A AIReF estima que as 8 medidas de ingresos equivalerán de media ao 1,6 % do PIB no período 2025-2050 e que o gasto medio en pensións será do 14,6 % do PIB (p. 5; p. 14, 14,5 %, unha décima máis de marxe). Polo tanto, cúmprese a regra do gasto xa que,

$$13,3 + 1,6 = 14,9 \%$$

O gasto previsto en pensións incluso podería aumentar 3 décimas máis sen incumprir a regra de gasto.

Mais, a AIReF volve manifestar, como en marzo de 2025, que non está de acordo coa redacción da regra, que esta debería ter en conta os restritivos marcos fiscais español e europeo e que o gasto en pensións pon en perigo a sustentabilidade das administracións públicas a longo prazo. Consecuentemente, a AIReF volve demandar unha nova regra do gasto, e isto non o explicita, mais se deduce claramente, unha nova reforma que garanta a redución do gasto en pensións públicas para as próximas décadas.

O horizonte pro-capital da AIReF

A valoración reflicte os tics neoliberais de todos os informes da AIReF: a obsesión co envellecemento; a fixación no gasto en pensións como principal problema económico; a preponderancia decisiva nas análises económicas da esfera financeira; a preocupación pola suba dos salarios e, en concreto, do salario mínimo; a redución da política económica a unhas poucas variábeis e medidas, axuste, déficit e débeda, marcos financeiros; ao tempo que se ignora a posibilidade de transformacións na propiedade das empresas, a distribución do valor entre traballo e capital, as propostas sobre reformas radicais da imposición, a intervención pública na economía ...

Obsesión polo envellecemento das maiorías sociais. No pasado, só persoas individuais afortunadas das clases dominantes vivían vidas lonxevas. O acceso á auga potábel, a mellora da alimentación, os avances e os coidados médicos sufragados mediante impostos, a presión sindical para acortar a xornada de traballo e as medidas de seguridade e hixiene, o dereito á xubilación, permitiron prolongar a vida das persoas de clase traballadora, aínda que non tanto

como as das clases hexemónicas. Esta prolongación converteuse nunha obsesión para a galaxia financeira. A palabra envellecemento aparece 44 veces nas 93 páxinas do informe case sempre asociada a algún problema financeiro. Ademais, como xa temos sinalado noutras ocasións, o agudizado carácter caótico e destrutor dos equilibrios ecolóxicos baixo o capitalismo dá lugar a pandemias sucesivas, como a COVID 19, que poderán causar altas taxas de mortalidade. O quecemento global tamén a incrementará entre os grupos de poboación máis pobres e vulnerábeis. Estes dous factores fan como pouco incertas as previsións optimistas sobre o aumento continuado da esperanza de vida. [Nas últimas décadas estase a desacelerar ese aumento](#). Nalgún ano da última década os aumentos son reducidos e, como consecuencia da COVID 19, entre 2019 e 2020 houbo unha caída importante.

Esperanza de vida ao nacer (anos), Estado español											
Ano	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total	83,3	83,0	83,5	83,4	83,5	84,0	82,4	83,3	83,2	84,0	84,0
Mulleres	86,2	85,7	86,3	86,1	86,3	86,7	85,2	86,2	85,9	86,7	86,5
Homes	80,4	80,1	80,5	80,6	80,7	81,1	79,6	80,4	80,5	81,2	81,4

Fonte: <https://accesoabierto.laborum.es/index.php/oa/catalog/view/979-13-88025-59-4/978-84-10262-17-1/203>, p. 16 e Instituto Nacional de Estadística.

Obsesión polo gasto en pensións. Sen quereremos ser exhaustivos seleccionamos "O crecemento do gasto en pensións explícase principalmente pola evolución demográfica" (p. 7) ... Sobre a previsión do crecemento da débeda pública, "impulsada principalmente polas crecentes presións derivadas do gasto asociado ao envellecemento da poboación" (p. 70) ... "a maior parte deste impacto sobre a débeda procedería do gasto en pensións, que explicaría 33,9 puntos do aumento da débeda en 2050" ... "a regra de gasto en pensións non encaixa no novo marco fiscal europeo" (p. 76).

Os salarios son o problema. O nivel de emprego é máis alto que nunca, e, nos últimos anos, creáronse millóns de empregos. Porén, para a AIReF, "a incorporación á análise de 2024 confirma o impacto negativo, mais moderado, das subidas do SMI sobre o emprego" (p. 26) e "impacto lixeiramente negativo sobre o PIB e o emprego asociado ao aumento dos custos laborais" (p. 30). Os países de salarios máis altos presentan maiores taxas de actividade e emprego e porcentaxes superiores de emprego formal. Esa evidencia non se reflicte nos modelos econométricos citados. Por suposto, nada de nada sobre a perda de participación dos salarios no PIB que certifican numerosos estudos, incluído o de [Draghi sobre a competitividade que estima en 6 % puntos de renda dispoñíbel a perda salarial desde os anos 80](#) (p. 19). Recuperala equivalería a máis de 80 mil millóns de euros no Estado español e máis de 860 mil millóns de euros na UE. Esa si sería outra política económica favorábel ó traballo. Mais a AIReF sitúase en política económica á dereita do ex-gobernador do BCE.

O Plan Fiscal e Estructural de Medio Prazo (PFEMP) como límite absoluto. A principal política económica derivada da actual configuración política da UE é a austeridade fiscal, a limitación do gasto público como alfa e omega. Esa é a política que, aplicada con crueldade como resposta á Crise Financeira Global (CFG) que estalou en 2008, produciu unha catástrofe social no sur de Europa e un fracaso económico en todo o ámbito da Unión. Recordemos, ademais da traxedia grega, que no Estado español a taxa de paro alcanzou case o 27 %. O PFEMP limita o crecemento do gasto público entre 2025 e 2031 a un 3 % anual que deberá tender á baixa. Para

a AIREF, a regra do gasto permite incrementos da partida para pensións do 4% anual, polo que non é compatíbel co Plan Fiscal e debe modificarse.

A AIREF subestima os efectos da regularización da poboación inmigrante

A AIREF estima que un 85 % das persoas inmigrantes en situación irregular presentará a solicitude de regularización e que o 83 % das solicitudes serán aceptadas. Con base nunha previsión de taxas de emprego e actividade do 83 % e do 86 % conclúe que, aínda que o número potencial de novas contratacións será de 384 000, o número efectivo no primeiro ano de regularización reducirase a 337 000. Esta diferenza baséase nunha estimación dos efectos do aumento de custos das empresas polas cotizacións sociais. Esta previsión é moi discutíbel por canto que os novos traballadores e traballadoras van seguir asociados a custos laborais bastante máis baixos que os dos traballadores "nacionais" pola inferioridade dos seus salarios.

A AIREF despreza os efectos, non só sociais senón tamén económicos, da regularización en curso, que se poden apreciar por pasadas experiencias. Segundo un estudo de [Joan Monràs, Javier Vázquez-Grenno e Ferrán Elías](#) baseado nas 600 000 persoas inmigrantes regularizadas no 2005, ese proceso tivo importantes efectos positivos: favoreceu as condicións laborais dos inmigrantes e as súas oportunidades de transitar cara a outros sectores económicos e aumentar o seu emprego formal, sen verse afectado o emprego das persoas nativas; produciu unha diminución do emprego somerxido, tanto dos traballadores e traballadoras de escasa cualificación nativos como inmigrantes; cada persoa achegou unha media de 4.189 euros aos ingresos fiscais, sendo especialmente relevante o aumento procedente das traballadoras de fogar.

Porén, a normativa que os mantén en situación irregular durante períodos superiores aos dous anos (a AIREF recolle que entre 2,8 e 2,9 antes de conseguir unha autorización por arraigamento e 3,6 anos antes da afiliación á Seguridade Social, p. 48) obrígaos a traballar sen dereitos laborais e sociais. Esa situación, que só se mitiga a través de regularizacións incertas, favorece unha explotación acentuada e ten consecuencias duradeiras, da que só se benefician os seus empregadores. Por iso a solución non só máis xusta senón máis acorde cos intereses do SSS, os servizos sociais e a facenda pública, é permitir libremente o acceso ao traballo desde que ingresan ao Estado español.

A AIREF estima un efecto moi reducido na recadación de cotizacións sociais pola regularización, de 0,031 puntos do PIB de media durante o período 2022-2050 (p. 49). Subliña ademais que non valora os efectos no gasto por xubilación e prestacións sociais. Parece obvio que esta omisión se debe a que quere evitar recoñecer que mentres os ingresos son inmediatos, o gasto nalgunhas prestacións vaise demorar polo distanciamento da idade de xubilación dunha alta porcentaxe dos e as regularizados, que ademais van percibir prestacións do SSS de escasa contía en relación cos seus salarios, ao non computarse o tempo traballado na economía somerxida.

Segundo o informe da AIREF, unha parte significativa das persoas inmigrantes nas precedentes regularizacións deixa de cotizar tras uns anos da súa regularización. Recolle algún estudo ([FUNCAS, 2026](#)) segundo o cal o Estado español, aínda que atrae a moitas persoas inmigrantes, ten escasa capacidade de retención, de só o 51 % das persoas que chegan, debido á precariedade laboral, os baixos salarios e o custo a vivenda (p. 48). Porén, a AIREF, tan proativa para reducir o gasto en pensións, non propón nada para solucionar eses problemas. Adoptar as medidas necesarias para erradicar a desprotección laboral e favorecer o acceso á vivenda da poboación inmigrante contribuiría á redución da economía somerxida e ao aumento da taxa de

emprego, da recadación de cotizacións sociais e do IRPF, contribuíndo así á sustentabilidade do SSS.


A AIReF quiere empobrecer ás futuras pensionistas

A AIReF estima que a "xenerosidade do sistema de pensións", que mide a relación entre a pensión media e o salario medio reducirase no Estado español desde o 68,4% de 2022 ao 60,2 % en 2050. Segundo a AIReF, esa evolución deberíase a que as pensións se revalorizan co incremento do IPC do ano anterior mentres que prevé que os salarios, evolucionando coa produtividade e o deflador do PIB, aumentarán a maior ritmo que as pensións (p. 16-17). Coherentemente co seu posicionamento neoliberal e pro-capital, a AIReF non mostra ningunha preocupación pola suficiencia das pensións futuras, só lle importa o equilibrio financeiro do sistema definido a partir da limitación dos ingresos posíbeis. E iso a pesar de que a taxa de substitución das pensións, indicador que mide a porcentaxe da pensión sobre o último salario percibido, vai coñecer unha importante redución como consecuencia do efecto progresivo e crecente das reformas aprobadas: período de cálculo máis prolongado, aumento das penalizacións por xubilación anticipada e atraso da idade de acceso á pensión de xubilación. Segundo a ficha sobre España do [Ageing Report \(Informe de Envelhecimento\) de 2024](#) da CE (p. 32), no suposto de manterse en vigor a actual normativa, esa taxa caería desde o 77 % de 2022 ata o 64 % no 2070. A caída sería maior aínda se se puxesen en práctica todas ou algunhas das medidas que veñen suxerindo entidades como [Fedea \(2022\)](#) que propón que o actual criterio de revalorización se manteña só para as pensións máis baixas e cuxa crítica se publicou nesta web.

Preguntámonos, ¿como evolucionará a participación das persoas pensionistas no produto social coa senda do gasto prevista?, e ¿como evolucionaría de aceptarse as suxestións da AIReF? Para facelo partiremos das previsións da AIReF sobre crecemento do PIB, unha media do 1,5 % entre 2025 e 2050 (p. 58); e da poboación, que pasaría de 49,1 a 52,7 millóns (p. 57). Ademais, a poboación maior de 65 anos que representa o 20 % do total, 1 de cada 5; superaría en 2050 o 31 %, case 1 de cada 3 (Eurostat). Supoñemos que todo o gasto en pensións se destina ás persoas maiores de 65 anos.

Resultado da evolución prevista do gasto en pensións


Coa normativa actual sobre pensións, a AIReF estima que o gasto subirá desde o 13 % do PIB en 2025, ata o 13,5 % en 2030 e o 16,4 % en 2050, un incremento do 3,4 %. Calculamos a evolución do PIB cun incremento anual do 1,5 %. Despois, restamos do PIB total a porcentaxe prevista de gasto en pensións e dividímolos entre a poboación menor de 65 anos. O PIB destinado a pensións dividímolos entre a poboación maior de 65 anos. O resultado pódese ver na gráfica. A este escenario chamámoslle senda prevista.



En 25 anos o PIB dispoñíbel para as cohortes en idade de formación ou produtiva aumenta un 50%. Haberá, polo tanto, máis recursos tanto para o investimento como para o consumo. Malia o aumento de 3,4 puntos na porcentaxe do PIB destinado a pensións, o PIB dispoñíbel por persoa xubilada só aumenta un 12%. Mesmo no primeiro quinquenio, 2025-2030, a cantidade redúcese nuns 500 euros anuais. ¿Cal é a causa? Nesos 5 primeiros anos, a porcentaxe de maiores de 65 anos aumenta máis rapidamente que o gasto en pensións. En realidade, nos 25 anos que considera a AIReF, as persoas pensionistas empobrecense en relación coas persoas activas. A rateo entre os PIB por persoa dispoñíbel para cada un dos grupos pasa de 1,7 a 2,3 veces.

A AIReF exige o empobrecemento das futuras pensionistas

Como explicamos, á AIReF o aumento previsto do gasto en pensións parécelle excesivo. Non se atreve a cuantificar unha proposta alternativa. Farémolo nosos. Vamos a supoñer que o gasto en pensións sobe medio punto até 2030 (13,5 %), outro medio punto ata 2035 (14,0%) e despois estabilízase nesa porcentaxe. É moi posíbel que esta máis modesta suba sexa tamén excesiva para as lentes pro-capital da AIReF. Leamos o resultado na segunda gráfica. A este escenario chamámolo senda da AIReF.



Ao atenuar o incremento do gasto, o PIB dispoñíbel por maior de 65 anos contráese en case 900 euros anuais. A rateo entre o PIB dispoñíbel para menores e maiores de 65 anos increméntase desde 1,7 até 2,8 veces. A causa é evidente, a porcentaxe de maiores de 65 anos sobre a poboación total aumenta en case 11 puntos porcentuais, mais o gasto só o fai en 1 punto do PIB.

Na páxina 57 do seu informe, a AIReF define como poboación en idade de traballar, seguindo o criterio da CE, á maior de 15 anos e menor de 74. ¿Será esa a solución que propoñen? ¿Facer traballar até os 74 anos as cohortes de idade agora activas? Baixo esta hipótese a porcentaxe de poboación entre a que habería que repartir o 14 % do PIB, ou unha porcentaxe inferior, sería máis baixa e a cantidade por persoa maior capital. Iso significaría que as traballadoras e traballadores que hoxe teñen 40 anos non se poderían xubilar en 2050 ao cumprir 65 anos tendo 38 e medio cotizados, senón que deberían resistir até 2064 ao cumprir os 74.

Unha vez máis desprégase ante os nosos ollos unha combinación perversa de solucionismo tecnolóxico e terrorismo económico-financeiro. Para alimentar a valoración das 7 grandes tecnolóxicas anúnciase que a IA provocará unha revolución que o transformará todo e que automatizará millóns de traballos enfastiosos. Ao tempo intentan persuadirnos de que é inevitábel traballar máis anos: liberados do traballo e escravos de el até a vellez. Resolver esta perversa contradición esixirá facer comúns as grandes forzas produtivas froito da creatividade colectiva de xeracións de seres humanos.

A Comisión Europea, as finanzas e a industria das armas ao asalto das pensións

A valoración e propostas da AIReF fan parte dun movemento moito máis amplo, cuxo obxectivo final é reducir as pensións dos sistemas públicos en toda Europa para abrir espazo aos fondos privados de capitalización. Tres novos argumentos o xustifican:

1. cómpre reducir o gasto en pensións públicas para destinar máis recursos ao rearme europeo.
2. cómpre promover os fondos privados de capitalización para alimentar un mercado único de capitais que financie o investimento en reindustrialización e nas soberanías tecnolóxica e militar,
3. cómpre desviar parte do excesivo gasto nas xeracións máis vellas (pensións, sanidade, coidados) para destinalo ás xeracións máis mozas. Nos últimos meses multiplícanse os sinais de que a ofensiva se intensifica:
 - I. En setembro de 2024, Mario Draghi publicou un informe sobre a competitividade que lle fora encargado pola CE. Draghi recoñecía que "é improbable que o sector privado poida financiar a parte do león deste investimento sen o apoio público" e, entre outras medidas, propuxo promover os fondos de pensións de capitalización como fonte de financiamento.
 - II. En decembro de 2025, o secretario xeral da OTAN, Mark Rutte, declarou "os países europeos gastan facilmente até unha cuarta parte da súa renda nacional en pensións, saúde e sistemas de seguridade social, necesitamos unha pequena fracción dese diñeiro para fortalecer a nosa defensa". Segundo o [Centre Delàs](#), o gasto militar real do Estado español en 2025 foi máis elevado que o anunciado polo presidente Sánchez, acadando a cifra de 39.476 millóns de euros, e representa xa o 2,42% do PIB.
 - III. En outubro de 2025, a comisaria de Servizos Financeiros, Aforro e Investimentos, Maria Luis Albuquerque, propuxo que os traballadores europeos subscriban plans de pensións

privados case obrigatorios que, segundo ela, axudarán "os europeos a manter o seu estándar de vida" na xubilación.

- IV. O primeiro ministro belga, De Wever, aprobou en outubro de 2025 duras medidas antisociais que incluían o endurecemento das condicións de acceso á prestación por desemprego e á xubilación anticipada, ao tempo que anunciaba que se estudaría desvincular a suba dos salarios do IPC. Neses mesmos días, aterraban en Bélxica 11 cazas F-35 fabricados nos EE UU cun custo de case 1700 millóns de euros.
- V. O chanceler alemán, Merz, anunciou o corte das prestacións ás persoas desempregadas de longa duración. Para o sistema de pensións, que é o máis antigo do mundo (foi creado en 1899), e que a pesar das medidas de corte das últimas décadas aínda mantén unha moi ampla cobertura para homes e mulleres, o goberno pretende reducir as pensións a unha "cobertura básica", que diminúa o gasto en 4 mil millóns de euros para o 2027. Desta forma só a través das pensións privadas de capitalización poderíanse manter as anteriores contías das pensións, o que é imposíbel para a gran maioría de traballadores e, máis aínda, de traballadoras. A redución do gasto social está destinada a financiar un aumento enorme do gasto militar ata cen mil millóns de euros e converter así o exército alemán no máis importante de Europa.
- VI. O 22 de maio, o FMI, publicou as súas recomendacións para a economía española nas que advirte sobre o "crecemento dos gastos relacionados co envellecemento" e formula como medida clave, "adicionais reformas das pensións". Debemos entender que dirixidas á redución do gasto na liña dos cancelados Factor de Sustentabilidade e Índice de Revalorización das Pensións (o do 0,25 %). Ademais, apoia "reforzar o rol do consello fiscal independente", é dicir, da AIREF.
- VII. O vicepresidente de Fedea, Conde-Ruiz, dirixe unha intensa ofensiva para instigar unha guerra entre xeracións. A responsabilidade da precariedade laboral e os baixos salarios, da imposibilidade de acceder a unha vivenda, e da epidemia de problemas de saúde mental das xeracións máis novas recaería no egoísmo das xeracións xubiladas. Desenvolve esta tese en numerosos artigos con grande eco nos medios dominantes e dous libros, *¿Qué será de mi pensión?*, 2014, e *La juventude atracada. Cómo un electorado envejecido cercena el futuro de los jóvenes*, 2023. A súa análise oculta a loita de clases pola distribución do valor entre traballo e capital e o conflito entre caseiros e inquilinos pola apropiación da renda para substituílo polo enfrontamento entre xeracións. Segundo a súa extravagante teoría, Marta Ortega e as traballadoras de Zara que fan folga para reivindicar o mantemento do poder adquisitivo compartirían intereses comúns. En fronte estarían, tamén unidos por intereses compartidos, Amancio Ortega, o maior magnate inmobiliario do mundo con propiedades superiores a 21 mil millóns de euros, e os millóns de persoas pensionistas que perciben menos do salario mínimo interprofesional.
- VIII. Nas recomendacións do Semestre Europeo publicadas o 3 de xuño, a CE demanda dos Estados membros actuar en 11 ámbitos. O sexto, "promoción do aforro en esquemas de pensións complementarias e a mellora do acceso á innovación financeira". As recomendacións específicas para España sinalan os custos do envellecemento, entre eles as pensións, como a principal presión sobre as finanzas públicas.

Estes 8 exemplos permiten comprender a amplitude e profundidade da ofensiva contra os sistemas públicos de pensións que se desenvolve no Estado español e en todo o espazo da UE. As recomendacións para o Estado español do Semestre Europeo, as suxestións do FMI e as

propostas da AIREF do 29 de maio insírense nesa ofensiva. Forman parte da galaxia de organismos non electos de goberno da economía que consideran que os poderes democráticos: parlamentos autonómicos, estatal e europeo, e gobernos electos carecen de lexitimidade para decidir sobre asuntos económicos. Estes deben recaer na AIREF, no *European Fiscal Board* (EFB, o organismo europeo xemelgo da AIREF), na CE, no FMI, na OCDE e no Banco Central Europeo. Pretenden o triunfo póstumo e definitivo da TINA (*There Is Not Alternative*) de Margaret Thatcher e a intensificación do proceso de financiarización que conseguiu o triunfo histórico da desaparición da clase industrial británica, substituída polo desenvolvemento da City como nodo global de captación de rendas. Aínda que o prezo que se houbo de pagar foi o da decadencia da capacidade produtiva da economía británica. Ironía de ironías: en abril de 2025, o goberno de Starmer viuse obrigado a nacionalizar British Steel, a derradeira fábrica de aceiro primario en territorio insular, que o grupo chinés Jingye decidira pechar.

Facer fronte aos plans de corte e mellorar as pensións

Existe a posibilidade certa de que despois das eleccións se constitúa un goberno do PP e Vox. Ese goberno sería moito máis sensíbel aos intereses da economía financeira e legislaría para favorecer máis intensamente os plans privados de capitalización. O Movemento Social en Defensa das Pensións Públicas (MSDPP) debe comprender as circunstancias do conflito económico e social arredor da configuración dos sistemas de pensións e prepararse para informar, organizar e mobilizar.

A curto prazo, e mentres se manteña o actual goberno, dificilmente se aprobaran novas medidas de conxelación do poder adquisitivo das pensións. Porén, a ofensiva descrita máis arriba vai continuar. En novembro de 2027 cúmprense os 4 anos da actual legislatura. Antes desa data convocaranse eleccións xerais. O goberno que se constitúa recibirá presións para que reduza o gasto en pensións. Existen dúas vías para conseguilo:

1. Volver introducir algún tipo de índice de revalorización das pensións para [desligar a subida anual do IPC para todas ou para unha parte das pensións segundo a súa contía](#), debilitando así a unidade do movemento pensionista.
2. Volver aprobar algún tipo de factor de sustentabilidade que reduza as pensións iniciais en función da evolución da esperanza de vida, do crecemento do PIB ou doutras variábeis económicas.

Medidas alternativas de aumento dos ingresos

Se o número de persoas pensionistas aumenta, a alternativa para manter o poder adquisitivo das pensións e mellorar as máis baixas, é aumentar os ingresos, con medidas como as que indicamos noutro anterior escrito sobre a DA 2ª do Decreto lei 2/2025, cuxo contido nos parece útil recordar:

1. Aumentar a parte dos salarios no PIB. A cotización social global forma parte do salario total, polo que o aumento da participación dos salarios, incrementará automaticamente o importe da cotización social;
2. Acelerar a implantación das medidas de ingresos previstas na Lei de 2023: o MEI, a cotización adicional de solidariedade e o aumento da base máxima de cotización. Intensificar o seu carácter progresivo e redistributivo;
3. Manter as achegas dos orzamentos xerais do Estado procedentes da imposición xeral;

4. Estudar a implantación dunha cotización sobre o valor engadido das empresas que incrementa a chegada das empresas intensivas en capital (finanzas, enerxéticas, tecnolóxicas), que se apropian dunha maior proporción do produto social converténdoo en dividendos e incrementando a desigualdade. Esta ampliación da base de cotización aos beneficios distribuídos impónse sobre os dividendos sen afectar o investimento, o que amosa a falsidade do pretexto da competitividade para non aumentar as cotizacións empresariais.

Ademais, débese manter a oposición frontal á introdución dos fondos de emprego de capitalización.

Mikel de la Fuente Lavín é membro do comité de redacción de Viento Sur e fai parte do MPEH (Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria)

Xabier Pérez Dávila é economista e forma parte de MODEPEN (Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos)

ⁱ Non existe alternativa. Para o neoliberalismo non existe alternativa á única política económica posíbel: privatizacións, políticas antisindicais, desregulación do comercio e as finanzas ...